



ANEXO III- BASES ESPECÍFICAS CONTRATACIÓN PEÓN LIMPEZA VIARIA

POSTO: PEÓN LIMPEZA VIARIA XORNADA COMPLETA	
TIPO DE CONTRATO: Temporal por substitución persoa traballadora (art. 15 TRLET)	
12/11/2022	Último día para presentación instancias
15/11/2022	Lista provisional admitidos e excluidos
16/11/2022	Reclamación Lista provisional admitidos e excluidos
21/11/2022	Listado de baremación provisional
23/11/2022	Reclamación ao listado de baremación provisional
25/11/2022	Lista definitiva
	Data probable de contratación: dende o 1/12/2022 até a incorporación da persoa substituída
Retribución mensual bruta: 1.090,56€ (prorrata paga extra no incluída)	

DOCUMENTACIÓN MÍNIMA A APORTAR (sendo motivo de exclusión a non aportación da documentación mínima esixida.)

A TITULACIÓN ESIXIDA NON SERÁ PUNTUABLE

Fotocopia DNI

ANEXO I - Solicitud

ANEXO II – Declaración Responsable

8.3.A) EXPERIENCIA PROFESIONAL MÁXIMO 75 PUNTOS PUNTUACIÓN MÁXIMA A ALCANZAR (60% DE 75) = 45 PUNTOS

A.1).- Servizos prestados, na administración local ou entidade do sector público (en réxime funcional/ laboral/ estatutario) desempeñando praza ou funcións equivalentes: **0,20 puntos por mes completo de servizos**

A.2).- Servizos desempeñados en empresa/entidade privada, en posto ou funcións equivalentes á da bolsa á que opta: **0,15 puntos por mes completo de servizos**

Para a acreditación dos devanditos méritos deberase achegar copia da seguinte documentación xustificativa:

- Certificación expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, onde conste o grupo e o posto de traballo que desempeñou, e o cómputo total de días, meses e anos traballados, xunto coa vida laboral. Poderase acreditar dita experiencia no sector público aportando os respectivos contratos xunto coa vida laboral.

- Contrato de traballo acompañados do informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social no caso de postos desempeñados no sector privado

Os servizos prestados alegados, calcularáanse según os datos finais obrantes na vida laboral.



En ambos casos non se terán en conta os períodos restantes inferiores ao mes.

**8.3.B) FORMACIÓN ESPECÍFICA / COMPLEMENTARIA: MÁXIMO 24 PTOS
PUNTUACIÓN MÁXIMA A ALCANZAR (40% DE 24) = 9,60 PUNTOS**

DURACIÓN	Puntos
Cursos de duración entre 20 - 49 horas	0,10
Cursos de duración entre 50 - 99 horas	0,20
Cursos de duración entre 100 - 299 horas	0,40
Cursos de duración entre 300 - 599 horas	0,80
Cursos de duración igual o superior a 600 horas	1,50

Serán obxecto de valoración as accións de formación directamente relacionadas coas funcións e/ou competencias profesionais **a desempeñar**, impartidas, organizadas, recoñecidas ou homologadas por Administracións Públicas, entidades y/o organismos dependentes das mesmas, universidades, Inem así como sindicatos.

Para a acreditación desta formación deberase achegar copia do título correspondente ou certificado acreditativo expedido pola entidade/organismo organizador ou responsable da actividade formativa. Nos devanditos documentos acreditativos deberá constar a data de realización dos mesmos, a súa duración, así como o seu obxecto.

Non serán valoradas as accións formativas de menos de 20 horas, nin a asistencia a xornadas, seminarios, simposios ou similares

8.3.C) NIVEL DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO (MÁXIMO 1 PUNTO)

NIVEL	Puntos
CELGA I ou equivalente	0,20
CELGA II ou equivalente	0,40
CELGA III ou equivalente	0,60
CELGA IV ou equivalente	0,80
CELGA V ou equivalente	1

Para garantir o uso do galego nas relacións coa administración será valorada a posesión do Certificado de Lingua Galega (CELGA) ou titulación equivalente, sendo esta homologada pola Xunta de Galicia (valorarase soamente o nivel de grao superior)

Criterios específicos:

A xornada laboral establecerase de luns a domingo segundo as necesidades do servizo.

No caso dalgunha baixa laboral ou renuncia, acudirase ao chamamento por orde de puntuación dos/as candidatos/as que non obtiveron posto, creándose unha minibolsa de contratación.